

ACTA DA XUNTA DE COMPRAS

Sendo as 13:00 horas do día **14 de marzo de 2014**, no Salón de Comisións, sito na 3ª planta do Centro de Servizos Municipais, reúnese a Xunta de Compras, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes membros:

- Presidente, dona Sonia Méndez García
- Polo Grupo Municipal do BNG; dona Cristina Ferreiro López
- Polo Grupo Municipal do PSOE; dona Esther Muñoz Mella
- Polo Grupo Municipal do PP; Don Juan Carlos Plaza
- Pola Intervención Xeral; don Marcial Rodríguez Toajas
- Pola Asesoría Xurídica; dona Ana I. Sáez Mancebo
- Polo Servizo de Contratación; don Manuel Louzao Aldariz, actuando como Secretario.

1.- Aprobación e sinatura da acta correspondente ó día 7 de marzo de 2014.

2.- Propostas para ditame e valoración:

- De Cultura

- Para a tradución ó inglés de folleto turístico Ruta Romana Lucus Augusti, por importe de 496,10 euros, adxudicado á JOSÉ ANGEL SECO ALVITE.
- Para o V Encontro Internacional de Tangoliber, por importe de 3.000 euros, adxudicado á ORQUESTA DE TANGO LA IDEAL, BAILARINES DE TANGO: LEONARDO MOSQUERA E CARINA LUCCA e a contratación dun DJ para baile social: VICTOR ARIEL.
- Para a montaxe da exposición e deseño, maquetación, produción e impresión de toda a creatividade publicitaria do pintor de Pontecesures Carlos Bóveda, por importe de 2.903,72 euros, adxudicado á TA TA TA COMUNICACIÓN.
- Para a actuación do grupo de Gaitas Arrincadeira nas festas patronais do barrio das Gándaras, por importe de 450 euros, adxudicado a GRUPO DE GAITAS ARRINCADEIRA.
- Para visitas guiadas polo Centro de Lugo durante a Semana Santa 2014, por importe de 1.415,70 euros, adxudicado á AQUITUR, SERVICIOS TURÍSTICOS.

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Prevención de drogas

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Refª: acta 14-03-14.doc

Asunto:

- Para a publicidade das actividades que se van desenvolver nos meses de marzo, abril, maio e xullo de 2014 dentro do proxecto +XTÍ 2014, por importe de 1.600 euros, adxudicado á RADIO POPULAR, S.S. CADENA COPE.
- Para cuñas de radio en RADIO LUGO, a emitir durante os meses de marzo, abril, maio e xullo dentro do proxecto +XTÍ, por importe de 1.500 euros, adxudicado á GRUPO RADIO LUGO, S.A.
- Para cuñas de radio en ONDA CERO RADIO, a emitir durante os meses de marzo, abril, maio e xullo dentro do proxecto +XTÍ, por importe de 1.306,80 euros, adxudicado á ONDA CERO RADIO.

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Urbanismo e medio Ambiente

- Para o aluguer de maquinaria para o seu uso polos traballadores municipais da brigada nos xardíns que manteñen na cidade, por importe de 1.200 euros. (PROPOSTA XENÉRICA).

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Parque Móbil

- Para a adquisición de gasolina, gasoil e derivados, por importe de 12.000 euros. (PROPOSTA XENÉRICA).

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Infraestructuras e Obras

- Para a instalación de estores opacos nas oficinas de delineación e contratación do edificio administrativo do Concello de Lugo, por importe de 2.985,15 euros, adxudicado á MURALLA DE REHABILITACIONES, S.L.U.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Oficina Plan Urban

- Para aluguer de vigas para asegurar a estabilidade dos edificios lindantes ao edificio de novas tecnoloxías, por importe de 2.178 euros, adxudicado á REASA, ESTRUCTURAS ESPECIALES, S.L.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

2.- Facturas para ditame

- De Protección Civil

- Factura número 2014000236, presentada por B.V.C. ARTAI - Correduría de Seguros, S.A., por importe de 6.169,65 euros.

Esta factura foi ditaminada favorablemente, aínda que a Xunta de Compras solicita do servizo de protección civil un informe que acredite o porqué non se fixo con antelación proposta previa.

- De Cultura

- Factura número 362, presentada por CARPAS CARBOEIRA, S.L., por importe de 2.313,86 euros.

Esta factura foi ditaminada favorablemente.

- De Bombeiros

- Factura número 450/01, presentada por PUERLUGO, puertas automáticas, por importe de 227,44 euros.
- Factura número 449/01, presentada por PUERLUGO, puertas automáticas, por importe de 217,80 euros.

Estas facturas foron ditaminadas favorablemente.

- De Informática

- Factura número 5/01401769, presentada por NEA F3 IBERICA, S.L.U., por importe de 638,64 euros.

Esta factura foi ditaminada favorablemente.

4.- Rogos e preguntas

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión ás 13:28 horas no lugar sinalado no encabezamento.